

CONTAS ANUAIS DA “ASOCIACIÓN FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA” EXERCICIO 2022



Santiago de Compostela, a 30 de marzo do 2023

ÍNDICE

- I. Balance PEMES
- II. Conta de Perdas e Ganancias PEMES
- III. Memoria PEMES

BALANCE DE PEMES Ó PECHE DO EXERCICIO 2022

ACTIVO	NOTAS MEMORIA	31/12/2022	31/12/2021
A) ACTIVO NO CORRIENTE		120,22	120,22
V. Inversións financeiras a longo prazo	NOTA 5	120,22	120,22
B) ACTIVO CORRIENTE	NOTA 5 E 7	74.355,94	18.462,00
II. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		74.209,02	18.162,00
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		1.209,02	162,00
2. Clientes dudoso cobro		3.000,00	2.000,00
3. Deterioro clientes		-3.000,00	-2.000,00
4. Outros deudores		73.000,00	18.000,00
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	NOTA 5	146,92	300,00
TOTAL ACTIVO (A+B)		74.476,16	18.582,22

PATRIMONIO NETO + PASIVO	NOTAS MEMORIA	31/12/2022	31/12/2021
A) PATRIMONIO NETO		8.025,01	3.189,76
A-I) Fondos propios		8.025,01	3.189,76
III. Reservas	NOTA 3	3.189,76	83,60
VII. Resultado del ejercicio	NOTA 3	4.835,25	3.106,16
C) PASIVO CORRIENTE		66.451,15	15.392,46
II. Deudas a corto prazo	NOTA 6	278,33	2.130,79
IV. Acreedores comerciais e outras contas a pagar	NOTA 6 E 7	66.172,82	13.261,67
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO (A+B+C)		74.476,16	18.582,22

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DE PEMES CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO PECHADO Ó 31/12/2022

CUENTA PYG	NOTAS MEMORIA	31/12/2022	31/12/2021
I. Importe neto de la cifra de negocios	NOTA 8A	158.104,14	76.914,00
7. Otros gastos de explotación	NOTA 8B	-152.486,24	-73.540,15
A) RESULTADOS DE EXPLOTACION		5.617,90	3.373,85
B) RESULTADO FINANCIERO		0,00	-68,40
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (A+B)		5.617,90	3.305,45
19. Impuestos sobre beneficios	NOTA 7	-782,65	-199,29
D) RESULTADO DEL EJERCICIO (C+19)		4.835,25	3.106,16

MEMORIA DE PEMES DA “ASOCIACIÓN FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA” CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2022

NOTA 1: ACTIVIDADE DA EMPRESA

Coa denominación ASOCIACIÓN FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA constituíuse en Santiago de Compostela unha asociación empresarial que, inspirada en principios democráticos, dotada de plena personalidade xurídica, por tempo indefinido e plena autonomía patrimonial para o cumprimento dos seus fins e sen ánimo de lucro, sometese ao amparo e ao disposto na Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

A ASOCIACIÓN FORO POLA ECONOMIA SOCIAL GALEGA é unha asociación que se constitúe para asociar na mesma o conxunto da economía social de Galicia a través de colaboración das organizacións representativas das empresas de economía social de Galicia, e no seu caso, de entidades da mesma natureza.

O ámbito de actuación desta Asociación é o da Comunidade de Galicia. Accesoriamente, pode realizar cantas xestións e actuacións sexan necesarias ou convenientes para o cumprimento dos seus fins fóra de dito ámbito.

O domicilio social da Asociación establécese en Santiago de Compostela, Rúa Tomiño, nº22, soto primeiro.

A asociación persegue como fins fundamentais a representación, fomento, promoción e defensa da economía social en Galicia e, en particular:

- A integración de todas as empresas de economía social a través das organizacións que representan as empresas de economía social de Galicia.
- Fomentar o desenvolvemento de actividades para promover as empresas de economía social, para que este colectivo siga crescendo, xerando riqueza colectiva, creando emprego de calidade e contribuindo ao desenvolvemento sustentable, á cohesión territorial e á equidade social en Galicia.
- Establecer mecanismos adecuados para favorecer e articular a coordinación das distintas organizacións que representan as empresas de economía social de Galicia.
- Promover e exercer a representación da economía social ante o Goberno de Galicia, institucións e organismos públicos e privados de Galicia, naqueles ámbitos onde se discutan aquelas materias económicas, sociais e políticas que incidan na actividade das empresas de economía social de Galicia.
- Contribuír ao desenvolvemento das empresas de economía social apoiando a profesionalización destas e a colaboración entre elas e entre as organizacións que as representan na procura de alianzas, sinerxias e maior valor engadido.

A Asociacións Foro pola Economía Social Galega está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2020/24127-1º, con data 18/05/2020.

NOTA 2: BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

A) Bases de presentación:

As contas anuais do exercicio 2022 adxuntas foron formuladas pola Xunta Directiva a partir dos rexistros contables da entidade ó 31 de decembro de 2022, e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de PEMES (en adiante PXCP) e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Entidade, sen que para iso fora necesario deixar de aplicar ningunha disposición legal en materia contable.

As contas anuais do exercicio 2022, están pendentes de aprobación pola Asemblea Xeral, non obstante, a Xunta Directiva estima que non se producirán modificacións no proceso de aprobación das mesmas.

Por cumprir as condicións establecidas no artigo 257 da Lei de Sociedades de Capital, a Xunta Directiva presenta as contas anuais no modelo de PEMES.

B) Principios contables aplicados

As contas anuais adxuntas formuláronse aplicando os principios contables establecidos no Código de Comercio e no Plan Xeral de Contabilidade de PEMES, aprobado por Real Decreto 1515/2007, de 16 de Novembro.

C) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza

Análise do principio de empresa en funcionamento

Asociación Foro pola Economía Social Galega elaborou as contas anuais do exercicio 2022 baixo o principio de empresa en funcionamento.

D) Comparación da información

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance de PEMES, da conta de perdas e ganancias de PEMES e da memoria de PEMES, ademais das cifras do exercicio 2022 as correspondentes ao exercicio anterior. As partidas de ambos exercicios son comparativas e homoxéneas.

E) Agrupación de partidas

Durante o exercicio, non se realizaron agrupacións de partidas nin no balance de PEMES, nin na conta de perdas e ganancias de PEMES.

F) Elementos recollidos en varias partidas

Non existen elementos patrimoniais do Activo ou do Pasivo que figuren en máis dunha partida do Balance de PEMES.

NOTA 3: DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

A proposta de distribución de resultados para o exercicio 2022, formulada pola Xunta Directiva da Asociación, e pendente de aprobación pola Asemblea Xeral, xunto coa proposta de distribución de exercicio de 2021, que foi aprobada con data 4 de maio de 2022 pola Asemblea Xeral de socios, é a seguinte:

CONCEPTOS	EXERCICIO 2022		EXERCICIO 2021	
	BASE DE REPARTO	DISTRIBUCIÓN	BASE DE REPARTO	DISTRIBUCIÓN
Resultado do exercicio	4.835,25		3.106,16	
Reservas		4.835,25		3.106,16

NOTA 4: CRITERIOS E NORMAS DE VALORACIÓN

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Asociación na elaboración das contas anuais do exercicio 2022, de acordo coas establecidas polo Plan Xeral de Contabilidade de PEMES, foron as seguintes:

4.1. INSTRUMENTOS FINANCIEROS: ACTIVOS E PASIVOS FINANCIEROS

A Asociación ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa.

Por tanto, os instrumentos financeiros que posúe a Asociacións son os seguintes:

- l) Activos financeiros ós que resulta de aplicación a presente norma:
 - Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios.
 - Instrumentos de patrimonio de outras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de inversión colectiva e outros instrumentos de patrimonio.
 - Efectivo e outros medios líquidos equivalentes: baixo este epígrafe do balance de situación adxunto rexístrase o efectivo en caixa e bancos, depósitos á vista e outros investimentos a curto prazo de alta liquidez que son rapidamente realizables en caixa e que non teñen risco de cambios no seu valor.

Os activos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse nas seguintes categorías:

- Activos financeiros a custo amortizado: nesta categoría inclúense os seguintes:
 - i. Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios que se orixinan na venda de bens e prestacións de servizos por operacións de tráfico da Entidade.

- ii. Outros activos financeiros: son aqueles activos financeiros que non tendo unha orixe comercial, non son instrumentos de patrimonio nin derivados e cuxos cobros son de contía fixa ou determinable; é dicir, créditos distintos do tráfico comercial, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos.

Valoración inicial: Os activos financeiros incluídos nesta categoría rexístranse inicialmente polo valor razoable da contraprestación entregada máis os custos da transacción que sexan directamente atribuíbles. Tralo recoñecemento inicial, estes activos financeiros valoranse o seu custe amortizado. Non obstante, os créditos comerciais por operacións comerciais non superior a un ano e que se valoren inicialmente polo seu valor nominal, continuarán valorándose por dito importe salvo que se houbera deteriorado.

- Activos financeiros a custe: neste categoría inclúense os seguintes:

- i. Inversións no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas.

Os investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas, valóranse iniciamente polo seu custe, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción.

Os investimentos en instrumentos de patrimonio incluídos nesta categoría valoraranse polo seu custo, menos, se é o caso, o importe acumulado das correccións valorativas por deterioración.

2) Pasivos financeiros ós que resulta de aplicación a presente norma:

- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios.
- Débedas con entidades de crédito.
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros.

Os pasivos financeiros a efectos da súa valoración clasifícanse nas seguintes categorías:

- Pasivos financeiros a custo amortizado: nesta categoría inclúense os seguintes:
 - i. Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios que se orixinan pola compra de bens e servizos por operacións de tráfico da Entidade.
 - ii. Débedas con entidades de crédito.
 - iii. Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídas os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.

Os pasivos financeiros incluídos nesta categoría valoraranse inicialmente polo custo, que equivalerá ao valor razoable da contraprestación recibida axustado polos custos da transacción que sexan

directamente atribuíbles. Non obstante, os pasivos financeiros con vencemento non superior a un ano e que non teñas un tipo de interese contractual, porque o seu importe se espera pagar no curto prazo, valóranse polo seu valor nominal, dado que os efectos de non actualizar os fluxos de efectivo non son significativos.

4.2. IMPOSTOS SOBRE BENEFICIOS

O gasto por imposto corrente determinase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal.

4.3. IMPUTACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir a recibir derivada destes. Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración destes. Non obstante a Asociación inclúe os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñen un tipo de xuro contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos a clientes recoñécense no momento en que é probable que se van cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

4.4. SUBVENCIONS

As subvencións recibidas contabilízanse: abónanse a resultados no momento en que se conceden, polo importe concedido.

NOTA 5: ACTIVOS FINANCIEROS

No seguinte cadro preséntase a información dos activos financeiros do balance de PEMES, clasificados por categorías:

A) ACTIVOS FINANCIEROS A L/P

Activos financieros a custe:

Concepto	31/12/2022	31/12/2021
Caixa Rural S C C L	120,20	120,20

A participación da Asociación en Caixa Rural Galega, Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega por importe de 120,20 euros correspóndese coa compra de 2 títulos.

B) ACTIVOS FINANCEIROS A C/P

	31/12/2022	31/12/2021
Clase	Créditos, derivados e outros (cliente)	Créditos, derivados e outros (cliente)
Activo Financeiro a custo amortizado	1.209,02	162,00

A composición dos activos financeiros a custo amortizado é a seguinte:

Concepto	31/12/2022	31/12/2021
Créditos, derivados e outros (cliente)	1.209,02	162,00
Clients dudoso cobra	3.000	2.000
Deterioro clientes	-3.000	-2.000
Total	1.209,02	162,00

Non se inclúen no cadro anterior os saldos correspondentes ca Facenda Pública Debedora seguindo o criterio publicado na consulta nº2 no BOICAC 87 de setembro de 2011, que indica que os citados saldos non se consideran activos financeiros, porque non derivan dunha relación contractual, si non que teñen o seu orixe nun requirimento legal ou en actividades de fomento por parte das Administracións Públicas. Infórmase sobre os saldos coa Administración Pública na **Nota 7** desta memoria.

Ademáis, temos en caixa rural unha tarxeta prepago, que neste momento ten un saldo de 146,92 euros.

NOTA 6: PASIVOS FINANCEIROS

Clases	Instrumentos financeiros a curto prazo	Instrumentos financeiros a curto prazo
	Derivados e outros	Derivados e outros
	2022	2021
Pasivo financiero a custo amortizado	58.878,33	11.332,89

A composición dos pasivos financeiros é a seguinte:

Concepto	31/12/2022	31/12/2021
Deudas a C/P caixa rural por crédito disposto	278,33	2.130,79
Acreedores comerciais e outras contas a pagar	58.878,33	11.332,09

Non se inclúen no cadro anterior os saldos acreedores coa Facenda Pública por non considerarse pasivos financeiros, seguindo o criterio publicado na consulta nº2 no BOICAC 87 de setembro de 2011. Infórmase sobre os saldos coa Administración Pública na **Nota 7** desta memoria.

Outra información sobre as débedas con entidades de crédito a curto prazo.

Dentro do apartado de débedas con entidades de crédito recóllese o saldo da póliza de crédito que se solicitou a Caixa Rural.

Entidade	EXERCICIO 2022		EXERCICIO 2021	
	Límite concedido	Saldo disposto	Límite concedido	Saldo disposto
Caixa Rural	20.000	19.721,67	13.000	10.869,21

NOTA 7: SITUACIÓN FISCAL

Saldos coas Administracións Públicas

O detalle do saldos mantidos coas administracións públicas presentes no balance preséntase a continuación:

CONCEPTOS	ACTIVOS/PASIVOS CORRENTES		ACTIVOS/PASIVOS CORRENTES	
	2022		2021	
	ACTIVO	PASIVO	ACTIVO	PASIVO
Por IRPF		4.124,77		1.776,00
Por IVA		2.625,00		
Por I Sociedades		544,72		153,58
Por Subvención concedida(*)	73.000		18.000	
Total	73.000	7.294,49	18.000,00	1.929,58

(*) Este importe corresponde a 1º: Subvención concedida pola Consellería de Economía, emprego e industria a Asociación, a través dun convenio de colaboración asinado para a visibilización e fomento da participación da economía social galega durante o ano 2022, de importe total 60.000 euros, dos cales están pendentes de cobro 18.000 euros. 2º: Subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Axencia de Turismo de Galicia, a través duna convenio de colaboración para a promoción da designación de Santiago de Compostela como capital española da economía social durante o ano 2022, de importe total 55.000 euros.

Períodos pendentes de inspección

De acordo coa lexislación vixente, os impostos non poden considerarse liquidados definitivamente ata que as declaracións presentadas teñan sido inspeccionadas polas autoridades fiscais ou teña transcurrido o prazo de prescrición de 4 anos, polo que se encontran abertas, a efectos de inspección, as declaracións dos impostos a que está suxeita a entidade, relativas ós últimos exercicios non prescritos.

Conciliación entre o resultado contable e o resultado fiscal

RESULTADO CONTABLE	5.617,90
DIFERENCIAS PERMANENTES	
AJUSTES POR ENTIDAD PARCIALMENTE EXENTA	
INGRESOS	-70.000,00
GASTOS	67.512,70
DIF TEMPORARIAS (Dotación provisión créditos comerciales que finalmente no se cobró)	-500,00
DIF TEMPORARIAS (Dotación provisión créditos comerciales)	500,00
BASE IMPONIBLE PREVIA	3.130,60
COMPENSACIÓN BASES IMP NEGATIVAS	
BASE IMPONIBLE	3.130,60
CUOTA INTEGRAL	782,65
DEDUCCIONES Y BONIFICACIONES	
CUOTA INTEGRAL AJUSTADA	782,65
RETENCIONES Y PAGOS A CUENTA	237,93
CUOTA DIFERENCIAL	544,72

4

NOTA 8: INGRESOS E GASTOS

A) DISTRIBUCIÓN DO IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS

CONCEPTO	31/12/2022	31/12/2021
Cotas socios	10.000,00	10.000,00
Colaboración organismos públicos e subvencións	115.000,00	60.000,00
Contrato Concello Santiago	12.500,00	
Otros (patrocinios e colaboración)	20.604,14	6.914
Total	158.104,14	76.914,00

B) OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN

CONCEPTO	31/12/2022	31/12/2021
Gastos Convenio CEEI 2021	0,00	61.804,60
Gastos Convenio Consellería 2022	66.504,87	
Gastos Convenio Consell- Turismo 2022	55.000,00	
Outros gastos	30.981,37	11.735,55
Total	152.486,24	73.540,15

NOTA 9: INFORMACIÓN SOBRE O MEDIO AMBIENTE

Dada a actividade á que se dedica a Entidade, a mesma non ten responsabilidades, gastos activos, nin provisións e continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma. Por este motivo, non se inclúen detalles específicos na presente memoria respecto á información de cuestións ambientais.

NOTA 10: INFORMACIÓN SOBRE OS APRAZAMENTOS DE PAGO EFECTUADOS A PROVEEDORES

A disposición final segunda da Lei 31/2014, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei de Sociedades de Capital para a mellora do goberno corporativo, modifica a disposición adicional terceira da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para requirir que "Todas as sociedades mercantís incluírán de forma expresa na memoria das súas contas anuais o seu período medio de pago a provedores". Así mesmo, a resolución do 29 de xaneiro de 2016 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas dita a información para incluír na memoria en aras de cumprir coa citada lei.

Doutra banda, de acordo coas modificacións que o Real Decreto 602/2016, do 2 de decembro introduciu no Plan Xeral Contable de PEMES a través do artigo segundo, para exercicios iniciados o 1 de xaneiro de 2016, esta información non figura dentro do contido mínimo a incluír na memoria. Polo tanto, a Asociación presenta esta información de forma voluntaria.

Período medio de pago a provedores	44 días
------------------------------------	---------

O período medio de pago a provedores obtívose tendo en conta a media do saldo mensual da partida de acredores comerciais durante o exercicio 2022, e o importe das compras netas e gastos por servizos exteriores.

FORMULACIÓN DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2022

A Xunta Directiva da Asociación Foro pola Economía Social Galega formulou ó 30 de marzo de 2023 as contas anuais correspondente ó exercicio 2022, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral

<p>Celso Gándara Carnero (Espazocoop) Presidente</p>	<p>Carmen Rodríguez Rodríguez (AGACA) Vicepresidencia primeira</p>
<p>Isabel Fraga Castro (AEIGA) Vicepresidencia segunda</p>	<p>Jose Antonio Vázquez Freire (CEGASAL) Secretaria</p>
<p>Eduardo J. Salido Blanco (AESGAL) Vogal</p>	